

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

ANUNCIO do 18 de outubro de 2023 polo que se dá publicidade ás bases que rexerán o proceso de elaboración das listaxes conxuntas do Igape e Xesgalicia para a contratación temporal de persoal técnico superior e se abre o prazo de presentación de solicitudes.

O Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), na súa xuntanza do 27 de setembro de 2023, e o Consello de Administración de Xesgalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Inversión Tipo Cerrado, S.A., na súa xuntanza do 25 de setembro de 2023, aprobaron as bases que rexerán o proceso de elaboración das listaxes conxuntas para a contratación temporal de persoal técnico superior e a apertura do prazo de presentación de solicitudes.

As bases poderán consultarse no portal web do Igape, no enderezo <https://www.igape.gal/gl/mais-igape/transparencia-e-goberno-aberto>, e no portal web de Xesgalicia no enderezo <https://www.xesgalicia.org/es/ofertas-y-convocatorias-abiertas>, desde o mesmo día da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. Así mesmo, os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando proceda e de conformidade coas bases, publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* e/ou nos citados portais web corporativos.

O prazo para presentar as solicitudes será de vinte (20) días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2023

Covadonga Toca Carús
Directora xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

